

Proceso de regularización migratoria extraordinaria: prazos e requisitos

O Consello de Ministros aprobou o Real Decreto que lle dará comezo ao proceso de regularización administrativa extraordinaria de persoas migrantes que xa residen en España. A autorización obtida dará dereito a traballar en calquera sector e lugar do país durante un ano. Publicase, no BOE do mércores 15 de abril de 2026.

¿Cando comeza e remata o proceso de regularización extraordinaria?

O prazo de solicitude ábrese o xoves 16 de abril, co inicio da tramitación de solicitudes telemáticas. Para a vía presencial, o sistema de cita previa a través da web habilitarase tamén o mesmo día, aínda que se comezará a atender presencialmente a partir do luns 20 de abril.

O prazo de solicitudes para ambas as vías estará aberto ata o 30 de xuño.

¿Quen pode acceder á regularización?

As persoas estranxeiras poderán acceder á regularización, se se encontran nunha destas dúas situacións:

1. Se solicitaron Protección Internacional en España, antes do 1 de xaneiro de 2026.
2. Se se atopan en situación administrativa irregular, e chegaron a España antes do 1 de xaneiro de 2026.

¿Que requisitos hai que cumprir?

O Real Decreto establece dous requisitos para acceder ao proceso de regularización extraordinaria:

- Atoparse en España antes do 1 de xaneiro de 2026 e acreditar unha permanencia ininterrompida de polo menos cinco meses, no momento da solicitude.
- Carecer de antecedentes penais e non supoñer unha ameaza para a orde pública, a seguridade pública ou a saúde pública.

¿Onde se pode presentar a solicitude?

Pódese facer a través de dúas vías: presencial e telemática. A forma presencial funcionará unicamente a través dun servizo de cita previa. En cambio, a vía telemática estará dispoñible de maneira ininterrompida, as 24 horas do día, os 7 días da semana durante todo o prazo de solicitude.

1. Vía telemática: esta vía permitirá realizar solicitudes durante todo o proceso de 4 maneiras:

- De forma individual con certificado electrónico.
- A través de persoas apoderadas inscritas no Rexistro Electrónico de apoderamentos.
- A través de profesionais habilitados como avogados, graduados sociais ou xestores administrativos.
- A través das entidades inscritas no Rexistro de Colaboradores de Estranxeiría.

A plataforma de solicitude será accesible desde a páxina web do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

2. Vía presencial con cita previa: esta vía requirirá contar sempre con cita previa. Poderase xestionar nunha mesma cita, as solicitudes dos membros dunha mesma unidade de convivencia e poderase presentar a solicitude nos seguintes puntos, de luns a venres:

- Oficinas da Seguridade Social: de 16 a 19 horas.
- Correos: de 8:30 a 17:30 horas.
- Oficinas de estranxeiría (OEX): de 16 a 19 horas.

As comunicacións posteriores realizaranse preferentemente pola mesma vía en que se iniciou a solicitude. Por isto, solicítase para efectos de notificación que se cumprimente con atención, a información persoal e de contacto (teléfono, email e enderezo postal) no momento da solicitude. En caso de representación, as notificacións dirixiranse ao representante.

¿Como solicitar cita previa?

- No portal da Regularización, a través Cl@ve, poderase seleccionar oficina, data e hora. Se non se dispón de sistema Cl@ve, pódese consultar os requisitos para obtelo aquí, ou tamén é posible pedir a alguén que dispoña deste servizo que solicite cita para a persoa interesada.
- No portal da Regularización, mediante un formulario web. Non se pode escoller a oficina nin a data; asignarase a máis próxima ás referencias achegadas.
- Chamando ao teléfono 060, con atención en español.

¿Que documentación hai que presentar?

Tódolos solicitantes deben presenta-la seguinte documentación:

- **Solicitude conforme modelo específico**, que estará dispoñible para **descarga no portal da Regularización**.
- Copia completa do **pasaporte, cédula de inscrición ou título de viaxe**, recoñecido como válido en España.
- Documentación que acredite atoparse en **España antes do 1 de xaneiro de 2026**.
- Documentación que acredite **ter permanecido en España durante os cinco meses anteriores** á solicitude, mediante calquera proba válida en dereito, sempre que inclúa datos persoais que permitan acreditar a súa identidade.
- **Certificado de antecedentes penais en España, en país de orixe, así como nos países nos que resida durante os cinco últimos anos anteriores á data de entrada en España**.

Tódolos documentos xustificativos deberán, en calquera caso, ser nominativos e especificar unha data para resultar válidos.

Ademais, en caso de non ser solicitante de protección internacional, débese acreditar un destes tres supostos:

- Ter traballado con **contrato** por conta allea ou propia en España.
- Contar cunha **unidade familiar** composta con fillos menores de idade ou maiores con discapacidade e os ascendentes de primeiro grao.
- Atoparse en **situación de vulnerabilidade**, que se acreditará a través dun certificado que se poderá descargar desde a web da Regularización. Este debe estar acreditado e selado polas autoridades competentes (Entidades Inscritas no RECEX ou servizos sociais).

¿Pódese contar con apoio e asesoramento de profesionais?

A solicitude pódese realizar de forma individual, ben que se permite contar con apoio e asesoramento de profesionais especializados:

- Por unha parte, asesoramento de profesionais habilitados a través de avogados, graduados sociais ou xestores administrativos que poden actuar como representantes para a presentación de solicitudes.
- **Recordamos que este trámite é totalmente gratuito; salvo as taxas que figuran no portal de estranxeiría, fixadas por lei**.
- En paralelo, entidades do Rexistro de Colaboradores de Etranxeiría, formado por entidades sociais e sindicatos. Estas ofrecerán **asesoramento gratuito** e poden actuar en calidade de representantes.

¿Con este permiso pódese traballar?

A comunicación de inicio do procedemento permite traballar en todo o territorio nacional e en calquera sector de actividade. Este documento non é o xustificante de solicitude, senón unha comunicación oficial emitida pola Unidade de Tramitación de Expedientes (UTEX) á persoa solicitante.

Co inicio do procedemento, obterase de oficio un número de Seguridade Social (NUSS) e unha resolución que recoñece o dereito a recibir asistencia sanitaria.

A autorización que se concede ten unha vixencia inicial dun ano. Transcorrido ese prazo, as persoas deberanse incorporar ás figuras ordinarias previstas no Regulamento de estranxeiría.

¿Este permiso é válido para a Unión Europea?

O permiso de residencia e traballo non outorga autorización para establecerse nin traballar no resto da Unión Europea.

Os beneficiarios poderán acceder a unha autorización de residencia legal en España cunha vixencia inicial dun ano e é un permiso para residir e traballar unicamente en España, non noutro Estado membro da UE.

¿Para quen non está dirixido este procedemento?

Este proceso non está dirixido a:

- Persoas con autorización en vigor ou en proceso de renovación ou prórroga.
- Persoas procedentes do conflito en Ucraia que teñan unha autorización de residencia en vigor ou que contén cunha autorización de protección internacional temporal.
- Persoas apátridas, posto que contan coa normativa do Real decreto 865/2001, do Regulamento do recoñecemento do estatuto de apátrida.

¿E se xa se solicitou arraigo?

Non será necesario realizar ningún trámite adicional. A solicitude seguirá o seu curso normal.

¿Onde se pode contactar?

- **Teléfono 060 (desde o 16 de abril), habilitado para a petición de cita previa e que atenderá en español. O horario de atención é de 09:30 a 14:00 horas e 16:30 a 19:30 horas, de luns a venres.**
- **Na páxina web oficial atoparanse recursos destinados á resolución de dúbidas e atención á cidadanía.**
- **Nos servizos sociais do Concello de Rodeiro, para asesoramento e no seu caso, obtención informe vulnerabilidade.**